



LIBROS PARA O VERÁN

Biblioteca do CPI Poeta Uxío Novoneyra



DE 0 - 5

Cornelio - Lioni, L. Kalandraka, 2019

Cando romperon os ovos, os crocodilos reptaron ata a beira do río. Mais Cornelio ergueuse e foi o único que camiñou sobre as súas patas traseiras...O valor da diferenza e o respecto a quen non actúa segundo as convencións establecidas, ademais do esforzo que precisa a aprendizaxe, reflíctense nesta obra.



Nina e Antón - Ventura, A. Kalandraka, 2018.

Unha nena e o seu gato manteñen un tenro diálogo: as palabras dela entretécense cos pensamentos del, ata o punto de que parecen entenderse.



DE 9 - 11

Mortiña. Unha historia para esmendrellarse de risa - Cantini, B. Hércules de Ediciones S.A., 2018

Mortiña é unha nena zombi. A Mortiña encantaríalle ter amigos da súa idade cos que xogar e divertirse, pero a súa tía prohibiulle deixarse ver: podería asustar a xente. Un día preséntaselle unha oportunidade única: a festa de Halloween! Pero que pasará cando os demais nenos descubran que non leva máscara?

O can de Milu - Máray, M. Kalandraka, 2019

A Milu gustábanlle os cans. Desexaba ter un, fose como fose: grande ou pequeno, salvaxe ou dócil, silencioso ou ladrador...Un día, mentres regresaba á súa casa, Milu atopouse cunha bóla grande e peluda. O amor polos animais, a amizade incondicional ante as adversidades e, sobre todo, a liberdade son as cualidades sobresaíntes nesta obra.

Vamos a la cama - Matin, P. Flamboyant, 2018

Un fermoso libro mudo de cartón para aprender rutinas e situacións cotiás.



Ás de mosca para Anxo - Fina Casalderrey. Xerais, 2002

Chegará algún día no que poida existir unha convivencia feliz entre os seres humanos máis alá das diferencias de ideas ou capacidades? Estrela, unha nova alumna do derradeiro curso de primaria -que recibe clases de apoio-, demostrará a todo o mundo que o máis importante é ter un gran corazón.

DE 6 - 8

Caderno de lúas - Canosa, M. Bululú, 2018.

Esta é a historia dunha nena que xunto co seu avó leva a cabo unha intensiva investigación sobre a lúa.

Los misterios de Raquel - Sánchez Ortiz, R. Bruño, 2019

Unha orixinal proposta interactiva na que os propios lectores deberán axudar a Raquel, a protagonista, a resolver os divertidos misterios que van aparecendo.

La vida encaja - Lázare, E. Anaya, 2008

Unha mañá o pai de Sachinka levanta o dedo maimiño para pedirlle un café a súa muller. A súa filla pregúntalle por que fixo ese xesto, e el non sabe contestar. Sachinka insiste, pois quere respostas sinxelas para as súas preguntas. Sachinka expresa o seu interese de comprender o mundo, o seu afán por aprender e buscar solucións ante a adversidade.





DE 12 - 14

Conta nove estrelas

- Maceiras, A. Xerais, 2019




Uns pequenos e peludos animais ameazan a Galaxia Oma. Desde o Observatorio Interestelar, os Vixilantes ordenan o exterminio de toda a especie, xa que os bobós, malia o seu adorable aspecto, son seres salvaxes e perigosos. Tan só Quepi, unha estraña nena que vive co seu irmán e o seu avó no planeta Dot, ousa desobedecer o mandato protexendo un bobó tan especial coma ela. Esta arriscada decisión vaina levar a emprender unha increíble aventura durante a cal desafiará os límites do universo coñecido.

Os camiños do vento - Estévez, X. Xerais, 2019

Lucas e Sara comezan o novo curso xuntos no instituto. O cambio á ESO non será doado, e menos cando un novo misterio peta nas súas portas. Unha pequena ladroa de peixe aparece no peirao onde adoitan ir pasear. Na súa pescuda por descubrir quen é esa rapaza, aprenderán a ver o mundo con outros ollos e coñecerán dous novos amigos e a odisea que viviron ata chegar á vila: unha viaxe a través dos camiños do vento.

Niñas que imaginaron lo imposible (y lo consiguieron) - Amago, T. Algar, 2019.

Aviadoras, navegantes, arqueólogas, motoristas, zoológas, naturalistas, periodistas... Este álbum ilustrado recolle as historias de case unha vintena de mulleres de todo o mundo que se fixeron famosas por atreverse a soñar o imposible... e conseguilo!



+ 14

O mundo en que vivín - Losa, I. Hércules de Ediciones S.A. 2019.

Rose é unha nena xudía, nacida en Alemaña e que pasa a infancia cos seus avós. Pero cando Hitler chega ó poder vese perseguida pola Gestapo e obrigada a escapar do país. A autora, Ilse Losa conta nesta novela autobiográfica a súa infancia e fuxida da Alemaña nazi. Rematou en Portugal onde se nacionalizou e foi recoñecida coma unha das máis grandes escritoras de literatura infantil e xuvenil, e esta novela súa pasou a ser de lectura recomendada na ensinanza portuguesa.



Tres catorcedezaseis - Leira, R. Xerais, 2020.

«Xogamos?» Ese é o contido dun correo electrónico que un día recibe o profesor Benavides. O matemático acepta o lance e dende ese intre terá que desentrañar o misterio que se agocha tras os asasinatos que se están a producir no campus universitario. Coa axuda de Silvia, unha enigmática alumna da facultade de Matemáticas, Benavides deberá resolver os desafíos que un intelixente asasino lle vai propor. Mensaxes cifradas, pistas inquietantes e códigos irresolubles danse cita nesta aventura chea de intriga. Comeza o xogo!

Antonio Machado. Los días azules.

- Hill, C. Diábolo, 2019. (Cómic)

En xaneiro do 1939 milleiros de españois saíron do país pola fronteira francesa. Un deles foi Antonio Machado. Uns dos poetas máis universais enfrontouse a unha marcha anguriosa, enfermo, xunto á súa familia e a súa nai anciá. Neste cómic atopamos espazo para a historia, a reflexión e a loita, na que o poeta perseverou ata o final dos seus días.

